

OS MODOS E OS VALORES TEMPORAIS DOS VERBOS

O MODO: Expresa a actitude do falante con relación á acción verbal

- **Indicativo:** modo non marcado, expresa a realidade; feito real, obxectivo.
- **Subxuntivo:** modo da irrealidade; feito como posible, como desexo ou mandato atenuado; tamén dúbida, emoción, temor, etc.
- **Imperativo:** feito como mandato atenuado ou orde. Expresa ordes, suxestións, consellos...

O TEMPO: o tempo é expresado tamén polos adverbios...

OS VALORES TEMPORAIS:

INDICATIVO (modo non marcado, expresa a realidade)

Presente (*ando, varro, parto*):

1.- Tempo presente e aspecto imperfectivo: *Falamos moito esta tarde.*

2.1.- **Presente habitual:** *Como ás seis.*

Acción frecuente, que se repite con regularidade.

2.2.- **Presente histórico ou narrativo:** *Cantares Gallegos publícase o 17 de maio de 1863.*

Accións do pasado: frecuente en narracións para dar viveza e proximidade psicolóxica.

2.3.- **Presente intemporal ou permanente:** *A auga ferve a 100° C.*

Realidades concibidas fóra do tempo, eternas ou de validez ilimitada.

2.4.- **Presente por futuro (prospectivo):** *Vémonos mañá.*

Certeza no futuro.

2.5.- **Presente imperativo:** *Ti calas!*

Mandado atenuado.

Copretérito ou pretérito imperfecto (*andaba, varría partía*)

1.- Tempo pasado, aspecto imperfectivo: *Moi ben o pasabamos no verán.*

Coincidencia cun momento do pasado (un adverbio ou outro verbo).

Tamén valor relativo relacionado con outro tempo: *Cando cheguei á casa, saía Lúa.*

2.1.- **Copretérito narrativo:** *Había unha vez...*

Con certa vaguidade temporal; nos contos, historias...

2.2.- **Copretérito de cortesía:** *Podía darme unha auga?*

Para preguntar ou pedir algo.

Pretérito ou pretérito perfecto (*andei, varrín, partín*)

1.- Un feito pasado en relación ao presente; aspecto perfectivo: *Chegou onte pola noite.*

2.1.- **Pretérito de futuro:** acción futura que se realizará axiña: *Nun minuto acabei.*

2.2.- **Futuro negativo:** *O coche que che prometín creo que xa o viches.*

Antepretérito ou pretérito pluscuamperfecto (*andara, varrera, partira*)

1.- Un feito pasado con relación a outro tamén pasado -non con respecto ao momento actual-
Acción anterior a outra pasada: *Cando cheguei á estación xa marchara o tren.*

2.1.- **De cortesía:** *Quixera que me deixase unha cousa.*

2.2.- **Desiderativo:** *Quen me dera esa moto!*

Este tempo pode aparecer en contextos idénticos aos do pretérito de subxuntivo (*Non sabía que estiveras / Non sabía que estiveses*). Pero a forma *—se* non pode aparecer cos valores do antepretérito de indicativo: *Cando cheguei, xa *marchase o tren.*

Futuro (*andarei, varrerei, partirei*)

1.- Feito que aínda non sucedeu no momento actual. Acción que se realizará despois do momento presente: *Pasadomañá xogaremos un partido.*

2.1.- **Incerteza, posibilidade:** *Serán as 10.*

2.2.- **Obrigatoriedade:** *Non matarás!*

2.3.- **Cortesía:** *Quererá vostede unha auga?*

Pospretérito ou condicional, futuro hipotético (*andaría, varrería, partiría*)

1.- Feito futuro con relación a un tempo pasado. Acción posterior con respecto ao pasado: *Ela dixo que despois che faría o encargo.*

2.1.- **Probabilidade** (sen significado temporal): *Serían moi intelixentes, pero fracasaron.*

2.2.- **Cortesía:** *Podería darme unha auga?*

SUBXUNTIVO (modo da irrealidade; no terreo do desexo, da posibilidade...)

Presente (*ande, varra, parta*)

1.- Tempo presente: *Dille que vaia hoxe.*

2.- Tempo futuro: *Quero que fagas todo isto.*

3.- Imperativo: *Non berres que non son xordo.*

Pretérito ou imperfecto (*andase, varrese, partise*)

Pode indicar pasado, presente (feito irreal) ou futuro (referente ao pasado), dependendo da situación na que se estea a falar: *Aconselloume que vise aquela película; Non creo que chegase aínda.*

Futuro (*andar, andares...; varrer, varrereres...; partir, partires...*)

Acción non real con probabilidade de realizarse: *Cando viñerdes pola casa, verédelo.*

IMPERATIVO (expresa ordes, suxestións, consellos...)

Só ten como formas propias as p2 e p5: ***anda, andade; varre, varrede; parte, partide.***

Nas outras persoas emprégase o presente de subxuntivo:

Responde ao que che pregunten // Que respondan ao que lles pregunten.